

O fundamental nun mapa de orientación para bicicleta de montaña é a rede de camiños. O resto da información pode ser máis ou menos útil nun momento dado, por razóns de navegación ou situación do corredor. Pero o verdadeiramente importante é unha boa definición das estradas, pistas e sendeiros que conforman a rede de comunicacións.

## DESCRIPCIÓN DA REDE VIARIA:

Nun mapa de O-BTT faise unha representación o máis clara posible da rede de comunicacións viaria. Hai tres tipos de símbolos que representan toda a rede, en función da importancia do elemento: **estradas, pistas e sendeiros**.

As **estradas** represéntanse cun símbolo lineal que ten un contorno e unha parte central. Os lados son liñas negras e a parte central é unha cor marrón.

As **pistas, camiños e sendeiros** represéntanse con liñas de cor negra.

Ademáis do tipo de elemento, un segundo factor que o define é a facilidade coa que se pode circular. Para un competidor é importante saber o tipo de camiño de que se trata pero sobre todo se ese camiño lle vai permitir exprimir toda a súa potencia de pedalada ou se polo contrario vai ser necesario un alto nivel técnico.

As **estradas** represéntanse con liñas máis anchas segundo a súa importancia (autovías, estradas importantes, estradas secundarias).

As **pistas e os sendeiros** usan uns elementos lineais parecidos, pero a diferenza está no grosor da liña. As pistas represéntanse cunha liña máis ancha que os sendeiros.

A "ciclabilidade" dunha pista ou sendeiro represéntase con catro símbolos:

- Unha liña continua representa unha pista ou sendeiro no que se pode ir a toda velocidade.
- Unha liña discontinua de trazos longos representa unha pista ou sendeiro no que se vai máis lento.
- Unha liña discontinua de trazos curtos representa unha pista ou sendeiro no que se vai aínda máis lento
- Unha liña de puntos representa unha pista ou sendeiro no que é difícil avanzar (en ocasións ata haberá que poñer pé en terra).

Estrada



Pista



Sendeiro




Pontevedra

Montañeiros A Roelo

## DESCRIPCIÓN DA VEXETACIÓN:

Podemos ter en conta as seguintes especificacións sobre a vexetación:


Bosques abertos:



Terreo despexado- terreo despexado basto:



Área semiaberta con árbores dispersas:



Bosques con visibilidade reducida:



AROMON  
ontevedra  
ontañeiros A Roelo

## DESCRIPCIÓN DE SÍMBOLOS IMPRESOS:

Debemos ter en conta os seguintes símbolos aplicables neste tipo de mapas

**Ruta prohibida:** A circulación por estradas marcadas con este símbolo está totalmente prohibida. Só se poden cruzar polos pasos obrigados sinalados.



**Obxeto perigoso na ruta, ou escaleiras:** A ruta é accesible, pero débese ter moito coidado.



AROMON  
Pontevedra  
Montañeiros A Roelo